



CAMBADOS

LXIV FESTA DO ALBARIÑO, 3-7 AGOSTO 2016

DECLARADA DE INTERESE TURÍSTICO NACIONAL - www.cambados.gal



Fátima Abal Roma

Alcaldesa de Cambados



De novo, outro ano chega a data máis desexada polos cambadeses e cambadesas: a Festa do Albariño. É a miña segunda ocasión como Alcaldesa de Cambados e dirixome a todos e todas os veciños e veciñas e amigos e amigas, para invitarvos a este gran acontecemento como é a celebración do noso Viño Albariño.

Damos unha sentida benvida aos que nos visitades durante estes días para gozar da nosa hospitalidade, do noso patrimonio, do noso mar, da nosa gastronomía e, sobre todo, do noso Príncipe dos viños brancos: o Viño Albariño.

Cada ano, o noso viño e a nosa Festa son máis coñecidos fora das nosas fronteiras, e conscientes delo, xa comezamos a traballar para que sexa recoñecida como Festa de Interese Turístico Internacional. Un recoñecemento que a Festa do Albariño se merece, pola súa traxectoria durante estes LXIV anos, polo seu arraigo, pola súa vertente cultural, para que se acade unha maior promoción do noso Viño Albariño, o viño dourado, que é único e diferente a calquera outro viño do mundo.

Quero agradecer, mediante este cordial saúdo, a todos aqueles que coa súa colaboración fixeron, fan e farán posible levar a cabo este ano as festas do Albariño 2016.

Sen apoio e esforzo ningún proxecto sae adiante, e cremos que o agradecemento ven xustificado polo bo resultado que se obtivo na pasada edición da Festa do Albariño. A afluencia de xente, as actividades programadas, os concertos e as verbenas demostran que vamos polo bo camiño.

A Festa deste ano ensalza o arraigo e a tradición cultural da nosa terra, pero tamén hai lugar para resaltar ese espazo que Cambados ocupa no mundo, a vertente internacional que sabemos amosar. A nosa finalidade non é outra que crear un programa de festas, deseñado con especial agarimo, no que sexa posible transmitir un espírito festivo. Haberá, como é costume, actividades moi variadas, encamiñadas aos gustos de persoas de diferentes idades, para que todos e todas poidamos gozar desta gran Festa.

Desexo que un ano máis a Festa do Albariño reúna a amigos e familias ao redor do noso caldo dourado, do noso prezado tesouro.


Deixemos atrás o noso día a día e gocemos intensamente desta Festa con tolerancia e respecto.

Benvidos e benvidas! É hora de deixarse levar polos sentidos!

FELICES FESTAS E SAÚDE!!



PETER PUNK



EL PIRATA

Mércores

03

de agosto

LXIV

FESTA DO VIÑO

ALBARIÑO

Alborada, comezando na Alameda de San Tomé, a cargo do grupo de música tradicional **Os Xeitosiños**

- 12:00h Xardín Biblioteca Luís Rei
Peter Punk "Chungo que te cagas"
- 13:00h Casa do Concello.
Pregón a cargo do académico
Francisco Fernández Rey
- 13:30h Paseo da Calzada. Inauguración da
LXIV FESTA DO ALBARIÑO
Apertura dos postos de degustación
- 17:00h Praza Alfredo Brañas
Sujetos Ilícitos
Crespo
Xenderal
Organizado polos hostaleiros da praza
- SERÁN Paseo da Calzada
Olodum do Coio Batukada
- 20:00h Praza do Concello
Peter Punk "Chungo que te cagas"
- 22:00h Praza do Concello
Los Player's Orquestra
- 22:30h Praza de Fefiñáns
Keltia Musical
- 00:00h Praza do Concello
El Pirata (Rock FM)
Clásicos do Rock

KELTIA





UNHA PRODUCCIÓN DE
QUEIMAN E POUZA



DESEÑO JUAN HERRERA DE PINTO

MUSICAL

MANDARINA



DE VACAS



Xoves

04

de agosto

LXIV

FESTA DO VIÑO

ALBARIÑO

Alborada, comezando na Alameda de San Tomé, a cargo do grupo de música tradicional **Xironsa**

11:00h Salón de Congresos e Exposicións José Peña
Inauguración da
VI Edición do Túnel do viño e Catas Temáticas

12:00-14:30h/19:00-21:30h
Túnel Profesional do Viño organizado polo
Consello Regulador da D.O. Rías Baixas
Catas Temáticas
(10€/persoa)

13:00h Praza do Concello
Trimentes

19:00h Praza de Alfredo Brañas
Raiba
Organizado polos hostaleiros da praza

SERÁN Paseo da Calzada
Olodum do Coio
Batukada

20:00h Xardín Biblioteca Luís Rei
Mandarina

20:00h Praza de "O Con" (Inicio peirao Santo Tomé)
De Vacas

22:30h Praza do Concello
Suavecito Orquestra
Duendeneta Disco Móbil

22:30h Praza de Fefiñáns
Roi Casal
Son galego, son cubano





ROI CASAL



Baladas da Galiza Imaxinaria
Uxia & Nanq



The SILK
TONES

Venres
05
de agosto

LXIV
FESTA DO VIÑO
ALBARIÑO

Alborada, comezando na Alameda de San Tomé, a cargo do grupo de música tradicional **Volandeira**

12:00-14:30h/19:00-21:30h

Túnel Profesional do Viño organizado polo Consello Regulador da D.O. Rías Baixas

Catas Temáticas

(10€/persoa)

12:00h-20:00h Praza do Concello
Xogos tradicionais

13:00h-15:00h Paseo da Calzada
Bregadiers
Organizado por Martín Códax

SERÁN Paseo da Calzada
Olodum do Coio Batukada
Os Jalácticos Charanga

19:00h Praza de Alfredo Brañas
Back Road Versións
Organizado polos hostaleiros da praza

20:00h Xardín Biblioteca Luís Rei
Uxía e Narf
Baladas da Galiza Imaxinaria

21:00h Praza de Fefiñáns
Furious Monkey House

22:15h Praza de Fefiñáns
The Silk Tones

22:30h Praza do Concello
Marimba Orquestra
Spacio Disco Móbil

00:00h Praza de Fefiñáns
Kevin Weatherill - Immaculate Fools

00:00h Praza de Alfredo Brañas
Duendeneta Disco Móbil



FURIOUS MONKEY HOUSE



KEVIN WEATHERILL





KANBAIOTA



Sábado

06

de agosto

LXIV

FESTA DO VIÑO

ALBARIÑO

Alborada, comezando na Alameda de San Tomé, a cargo do grupo de música tradicional **Con de Xido**

10:00h Salón Bazán do Parador de Cambados
Cata Prima

12:00-14:30h/19:00-21:30h
Túnel Profesional do Viño organizado polo Consello Regulador da D.O. Rías Baixas
Catas Temáticas
(10€/persoa)

12:30h Salón de Plenos
Entrega de Premios Concurso Camisetas
Organizado por Zona Centro

13:00h-15:00h Paseo da Calzada
Bregadiers
Organizado por Martín Códax

13:30h-14:30h Praza de Alfredo Brañas
Gesgha e Leda Atómica
Organizado polos hosteleiros da praza

SERÁN Paseo da Calzada
Os Jalácticos Charanga

20:00h Praza de "O Con" (Inicio peirao Santo Tomé)
Kanbaiota La Coquette-Circo

21:00h Praza de Fefiñáns
Cabina 402

22:15h Praza de Fefiñáns
A Cámara Lenta

22:30h-00:00h Praza de Alfredo Brañas
Gesgha e Leda Atómica
Organizado polos hosteleiros da praza

22:30h Praza do Concello
Grupos **Amerikan e Top**

00:00h Praza de Fefiñáns
Asian Dub Foundation

CABINA 402



ASIAN DUB FOUNDATION



A CAMARA LENTA



+d2



BANDA MÚSICA CASTRELO



Domingo

07

de agosto

LXIV

FESTA DO VIÑO

ALBARIÑO

- 11:00h Salón Bazán do Parador de Cambados
Cata Derradeira
- 11:00-13:30h **Túnel Profesional do Viño** organizado polo Consello Regulador da D.O. Rías Baixas (10€/persoa)
- 12:00h Alborada a cargo dos grupos de música tradicional **Os Xeitosiños, Xironxa, Volandeira, Con de Xido, Carballeiras, Danzantes Covas, Bou de Bou.**
- 13:30h-14:30h Praza de Alfredo Brañas
Hermanos Zaprunder e Koala
Organizado polos hosteleiros da praza
- 14:00h Pazo Torrado
Recepción de Autoridades
Distinción de persoeiros e persoeiras
- 14:00h Pazo Torrado
Xantar do Albariño
Apertura notarial do sobre cos nomes dos viños premiados na LXIV Festa do Albariño
- SERÁN Paseo da Calzada
Os Jalácticos Charanga
- 20:00h Praza de Fefiñáns
+d2 Estamos no verán
- 22:30h-00:00h Praza de Alfredo Brañas
Hermanos Zaprunder e Koala
Organizado polos hosteleiros da praza
- 22:30h Praza do Concello
Grupos **Alaska** e **Podium**
- 22:30h Praza de Fefiñáns
Banda Castrelo
Noites de musicais e grandes hits
- 00:00h Peirao de Cambados
Gran espectáculo pirotécnico



2016 ANO DE MANUEL MARÍA

PREGÓN DE
MANUEL MARÍA,
ANO 1986
XXXIV FESTA
DO ALBARIÑO

CAMBADESES,

MEUS AMIGOS:

DENDE o máis fondo do meu xa canso corazón, agradezo a honra de ser o pregoeiro da TRINTA E CATRO FESTA DO ALBARIÑO DE CAMBADOS. Trinta e catro son a maturidade: o tempo xusto da colleita en sazón, denantes que comence o inverno da vida e o anoitecer de nós mesmos. E é máis de agradecer esta honra, considerando que servidor, chairego e miñoto de nación e de vocación, non é de terra de viño, pese a que foi destetado con viños quirogueses, cuio sabor leva aínda no ceo da boca, pois daquel val eran as súas xentes por parte da aboa materna. Sobrecolle decir este probe pregón na tribu cambadesa, neste lugar do Pazo de Bazán, que noutro tempo foi pertencencia do Almirante maior da nosa Poesía, Paio Gómez Chariño, señor de Rianxo, que, despois de ganar a Sevilla sendo de mouros e contemprar as ondas do Guadalquivir de ouro, foi ollar, como dixo o poeta, as torres do plateado Jaén. Por onde pasou Paio Gómez Chariño deixou unha semente fecunda de poesía que agromaría cos séculos como un milagre. Así: en Rianxo, Manuel Antonio. E en Cambados, don Ramón Cabanillas. Pois como espricou outro poeta de noso, cambadés de devoción, Alvaro Cunqueiro: "mil anos pra un verso son una mocedá."

Xa na Biblia se lee que "o viño aleda o corazón de home". Viño e alegría son case o mesmo. O viño é un dos grandes dons que lle foron concedidos ao home e dos que pode disponer e usar. Por algo o viño e o pan son especies sacramentais. E tamén o peixe, do que este mar de Arousa é tan abastado, símbolo de Cristo. Cada viño, como cada terra e como cada home, ten a súa personalidade. Os viños galegos son mansos, dóciles, tolerantes e humanos como somos nós. Teñen o gosto agridoce da saudade melancónica e a prodixosa cór da nosa paisaxe. Un viño de Valdeorras ou de Quiroga leva algo da gravedade daqueles montes e serras e una certa rusticidade deprendida da música do Sil, pese a disciplina que lle impuxo a severidade militar romana. O viño do Ribeiro ten a esencia do canto segrel e bucólico do Avia e o sortilexo daquela terra fermosísima e perfecta, unha das grandes maravillas do país galego. O viño do condado acusa a irmandade con Portugal e as suas melanconías e delicados sentimentos. As uvas de

Salvaterra espéllanse no Miño, xa maduro de lembranzas e adivinando o mar Atlántico. E isto notáselle aos seus caldos. E estes viños do Salnés, cuia festa celebramos e cuias escelencias festexamos, saben da brisa salgada, da onda mareira, do grave fungar do piñeiral de Tragove e do lento, amoroso camiñar do Umia. Por eso son uns viños únicos e irrepitibles.

Os nosos viños son pra beber con certa xenerosidade, debido a súa prudencial cantidade de alcohol. Isto é maravilloso. Viños hai polo mundo adiante que só se poden cheirar, que non beber. Usalos como quen ten unha meniña, en pequenísimas pingas. E non. Un prefire --e como nós tódolos galegos-- beber os viños en grandes cuncas, botar uns grolos cumpridos, competentes e despaciosos; masticar o viño pra decilo dalgún xeito; deixar que toda esa regalía nos molle, ben a fondo, boca, língoa e paladar e que esorra gorxa abaixo amodiño, disfrutando como é debido de cada pinga. E logo calar. Gustar do recendo e do sabor que nos queda no ceo da boca, na lembranza e no sentimento. E despois falar demoradamente cos amigos ou familiares seguindo a interrumpida conversa, rito solemne e sagrado. Sempre hai que beber en compañía e amor. Nada hai tan triste no mundo como beber en soedade. É trágico. O viño desata a nosa torpe língoa e ún faise falador e comunicativo, é decir: máis humano. A conversa --esa maravilla que estamos perdendo día a día-- pode ser perfecta. O poeta persa Omar Kayyam sabiao ben: todo é provisorio, menos o viño

Só nos está concedido un breve intre
pra gustar o viño neste inmenso páramo.
Xa palidece o astro da noite.
A Caravana da Vida
está a chegar ao remate da súa viaxe:
a Alba da Nada.
Imos, date presa pra beber.

O viño albariño de Cambados, xuntamente co viño do Ribeiro, é o máis famoso de Galicia e tamén o máis louvado, estimado e coñecido. Poetas e prosistas importantes foron sempre seus parciais e pregoeiros. O mellor concedor dos nosos viños, o seu grande, intelixentísimo historiadador e analizador, XOSÉ POSADA, ensinounos que:

"Nunca tan pouco mereceu tanto de tantos, nunca un viño foi tan respetado, cantado, alabado, mitificado, poetizado, admirado, catado e querido por todos. Un amigo díxome que se casara en Cambados por beber bó viño albariño, e coido que a compensación ben merece o sacrificio. Tamén é verdade que no Albariño, o lema debe ser "quen proba, repite", pois é así en todo, aquela hospitalaria zona. A Festa do Albariño repítese ano tras ano (...) e o que asiste unha vez prométese a sí mesmo de volver. O que proba o viño, repite unha e outra vez, e queda fei-

tizado do seu cheiro e fragancia, e sigue buscando durante toda a súa vida en restaurantes, tabernas e adegas aquel incomparable albariño que bebeu unha vez.

A zona do Val do Salnés é onde se colleita o viño do Albariño, que precisamente, toma o nome da cepa que o produce. Núcleo fundamental nesta zona, constitúeo Cambados (...). As cepas que producen o viño albariño, según tradición, foron traídas dende as terras do Rhin polos monxes de Cluny, sobre o século XII. Nun principio só se prantaron cepas no axuntamento de Cambados, máis tarde fóronse extendendo polas zonas limitrofes..."

Oxe Cambados é a capital vinícola desta bisbarra. Decir os nomes das tribus viñateiras dos arredores é encher os beizos de luz e poner no paladar un sabor frutal e unha música gregoriana, que lle prace escoitar ás ruínas de Santa Mariña, cuos arcos están sostendo o aire, como alguén descubriu, e que, según nos ensinou o mestre Otero Pedraio: "o templo semella unha nave des-
arborada e naufraga que aínda conserva a elegancia da
sua estrutura." Nomes de siñificado máxico e suxerente e fermosísima eufonía: CAMBADOS, MEAÑO, MEIS, PORTAS, RIBADUMIA, SANXENXO, VILAGARCÍA, VILANOVA... En total: 1918 hectáreas adicadas a viñedo, 1.918 hectáreas que están baixo a protección de Baco, o humano deus do viño da mitoloxía grega. Un Baco galeguizado que escolleu as brétemas galegas, cegas, mestas e sedentarias, e que xa non sente saudades dos ceios azuis limpos e luminosos da Hélade. E Cambados, non cansaremos de repetilo, é a capital ditosa deste pequeno reino báquico e viñateiro, ao que pon mesura e gravidade o Pazo de Fefiñáns, coa súa impresionante fábrica, dunha xeometría perfecta que Ramón Cabanillas trasladou as súas sagas lexendarias e aos seus mellores versos cambadeses.

Coido que o CONSELLO REGULADOR DO ALBARIÑO debía dar licenza e salvoconducto pra adicar os seus mellores caldos aos poetas e artistas desta terra, novidade inventada polos italianos. Este que vos fala catou, na Toscana, viños adicados ao bucólico Virxilio e ao doce Catulo. Se entre nós se impuxera tal moda, como é de desexar, era de xusticia adicarlle un espadeiro a don Ramón Cabanillas; un albariño --ouh miña parra de albariñas uvas-- a Rosalía; un Barrantes a Francisco Asorei; un caíño a Paco Leiro e un loureiro a Paio Gómez Chariño, cuia sombra está connosco debaixo desta arboreda. Pra Alvaro Cunqueiro cumpría reservar un treixadura.

Polas informacíoís que nos teñen chegado --e laiamonos desas noticias-- o espadeiro está en trance de desaparición. Compre salvalo urxentemente. E catalo, con emoción e veneración, decindo os inesquencibles versos de Cabanillas:

iO espadeiro morno! iO roxo viño,
sangue do corazón da nosa terra,
que arrecende a mazáns e a rosas bravas,
quece os peitos e as almas alumea,
e sabe a bicos de mociña nova,
aldeana e trigueira!

iCómo canta ó caír nas brancas cuncas
dende as pintadas e bicudas xerras!

iCómo latexa e brila ó coroalas!

iE como loce e rí cando as adreza,
asemellando fíos de rubises,
cun rosario de escumas sanguíentas!

.....
sangue do corazón da nosa terra!

iEncende o corazón dos apoucados!

¡Prende lume nas almas, viño celta.!

Como non podía ser menos o propio Cabanillas no soneto Na taberna fai referencia ao albariño, consumido --e repárese no senso sacramental da palabra-- dun xeito colectivo, en auténtica e fonda comunidade que neste caso significa comunión e irmandade:

Pasa de man en man a xerra roiba
de albariño, e namentras cai a choiva
e o vento fai tembrar a casa enteira,
de detrás do mostrador crarexa o ceo
nas trenzas de ouro, no mirar sereo,
na sorrisa de luz da taberneira.

Cabanillas --sempre ao falar de Cambados está presente Cabanillas como ao falar de Cabanillas está presente Cambados-- no seu poema Vendima en Salnés, en fermosos versos, díxonos como eran as vendimas de antano, nas que se misturaba a música das cancións

s populares co canto dos carros que nos lembra, en certo senso, o soar singularísimo e ancestral da gaita:

O Umia, canso, deitouse nas xunqueiras de Sisán;
o pai Castrove, na estrema, pon os ollos alén mar.
No carro ven a tinalla, cheiña a non poder máis;
de detrás as vendimadoras, a rir, collidas das mans.
O carro vén derradeiro, chirra que te chirrarás
e por riba do rinchido rompe unha moza a cantar:
Lévame no carro, leva,
carreteiriño das uvas;
lévame no carro, leva,
comerei das máis maduras.

Recollen a copra os pinos de vagoroso fungar,
os pinos rexos, trunfantes de agres salseiros do mar.
Costa arriba, costa abaixo, o carro chirra a compás
e o cantar brinca de novo engadido no alalá:

Carreteiriño das uvas,
deixame rubir ó carro;
carreteiriño das uvas
eiche pagar o traballo.

Terra de Salnés. Outono. A caída do serán.
Os carros na corredeira, chirra que te chirrarás.

Algunha destas uvas, coa emoción e a maxia do canto humano, misturado co do carro, brincándolles dentro de sí, eran ofrendadas a San Benito, padroeiro de Occidente e de Fefiñans. Con elas faciase un viño de virtudes curativas. Desas virtudes, ninguén que estea nos seus cabales, pode dúbida. Entre as virtudes deste viño contáse, sen dúbida, a do amor á Terra e a súa cultura, a de abrírnos os ollos a pureza e a beleza e a de poner o amor no noso corazón. Por eso lles pedimos os colleitadores do Salnés, aos que nunca estaremos debidamente agradecidos pola regalía que nos fan, que sigan conservando esta tradición e que ademáis vaian superando, en calidade e en cantidade, os seus cultivos, en ben de todos.

Mellor que as miñas pobres palabras pra facer a louvanza do albariño, son as de Alvaro Cunqueiro, tan apaixonado desta terra e tan parcial dos seus viños. Traducímolas da súa obra La cocina cristiana de Occidente:

"Mais xa ven ahí, domingo 18, festividade da Divina Pastora -- ¡que delicia de advocación, a Virxe Peregrina, a Virxe Pastora!-- o laude e xuicio do albariño no Parque do Pazo Bazán, na Calzada de Cambados, fronte a claridade do mar de Arousa. ¿Cómo serán os albariños de hogano.? Os do ano pasado eran de excepcional calidade, e escanciar algún na Mesa do Xurado da Cata Postreira, era como derramar luz de lámparas de ouro. O propio do albariño é o corpo delgado, esas cinturas dos galás florentinos na pintura do Catrocentos. Medido por un catedrático de Retórica e Poética defínese como octosilábico. Un bó albariño ten o perfume lento, como o dos derradeiros xasmís do outono, colocados nun púcaro na repisa da chimenea onde arde o primeiro fogo novembrino; cando te vas da sá, decátaste de que estiveche respirando un albafor fráxil e nostálxico...

O que máis solprende dos albariños de calidade é atopalos tan humanos compañeiros na súa irrefutable mocidade. Se foran homes en vez de viños, estarían os albariños nese grupo dos xenios precoces, nos que ún no cree compatible a chama poética ou a suprema ciencia cos anos da adolescencia. Por exemplo o poeta Rimbaud, ladrón de fogo, iluminado e iluminante, ou o matemático Evaristo Galios. Ou o pequeno Mozart, que por outra banda sempre estivo a punto de escachizarse, porque como é sabido, en vez de osos tiña cristal. Primaveira dos viños, o albariño -o albariño realmente é o abril dos viños-- mais tamén melancólicos viños, viños pra vagos e ociosos soñadores,

pra derradeira hora da derradeira tarde do vran veiramar. Cando a alma regresa aos seus cuarteis de inverno, un vaso de albariño é a flor que ennoblece as despedidas.

Estaremos en Cambados pra xuzgar, ipobres de nós! pro sobor de todo prá solemne louvanza. Festa maior, en fin, en Cambados, ao príncipe primoxénito dos viños galegos: un infante loiro que vos saúda dende a riveira cunha birreta verde. A paisaxe do fondo, a ancha, madura, tenra, fecunda, gastada terra do Salnés."

A cita coidamos que é longa pro esclarecedora. Ningunhas palabras máis a xeito pra comprender o ser e o existir do albariño, esa compañía amiga, pra nós, imprescindible. Tanto é así que ún, empuxado por una estrana forza misteriosa, escribiulle un poema ao VIÑO¹, que dice así, e pido perdón pola autocita:

Viño mouro que semellas a noite
ou os roibés acesos do solpor,
don eucarístico e pagano
ao que o meu paladar
conoce, saborea e ama.
Nesta vida, lene e fuxidía,
somentes temos tres compañías
cara ao noso radical desamparo:
o amor, o viñiño e a amizade,
trinidade perfecta
que fai do home un existente
conscente de ser e de viver.
¡Ouh viño, amigo e compañeiro,
esencia e flor da terra,
lume e forza do sol:
penetra, queima, abrasa
as miñas veas tépedas
e faime claro e ledó o corazón!

Non cabe dúbida de que o albariño é un viño excepcional. O mellor agasallo que se lle pode ofrecer a calqueira. Un ten cavilado moitas veces que a única e verdadeira eternidade que os deuses lle poden conceder a un mortal é o amor, o gozar do albariño, a conversa con amigos xenerosos, sensibles e intelixentes e o disfrute dos dons e da paisaxe destas terras do Salnés, nas que os nosos ollos non poden desexar máis beleza e onde todo está feito, dun xeito insuperable, a medida do home. Non cabe no mundo máis perfección. E sen viño, sen un grande viño, non pode darse a perfección. Un viño que se entrega á nosa sede tal e como é, sen que sexa preciso tocar pra nada a súa pureza orixinal. Cecáis que o único que lle faltou a cultura clásica dos gregos foi un viño como este noso. Sabemos que os gregos da antigüidade nos seus convivios, proveitosos e deleitosos coloquios, dos que na-

ceron, por exemplo, os DIÁLOGOS de Platón, botábanlle auga ao viño, pois o daquelas terras era demasiado forte e volvíase a eles. Se tiveran un viño como o albariño non terían necesidade de misturalo con auga. E o seu mundo sería case perfecto.

Compre ir rematando. Mais denantes, fundándonos nas palabras de Cunqueiro, que nos descubriron que o viño albariño se define como octosílabo, o verso no que xeralmente se espresa a poesía popular, queremoslle poner ramo a este pregón cun delicioso poemiña, escrito precisamente en octosílabos, por Emilio Alvarez Blázquez. Poema que ten a levedade agarimosa da brisa arousana e que é un delicade canto a esta FESTA DO ALBARIÑO e ao misterio da peregrinación a estas terras paradisíacas do Salnés e que titula:

CÁNTIGAS PRA ROMERÍA DE CAMBADOS

Fomos ó viño albariño
fror de terra vendimada,
como quen vai de camino
e quedamos de pousada.

Ó pasar por Armenteira
-- ai, iqué leda romería! --
cantounos a cotovía
e durmimos noite enteira.

De que se queixa Tragove,
arpa de doce laiar.
Cando chove, sempre chove
a saudade sobre o mar.

Nas rivas de San Tomé
preguntanos polo mar
e dixemos: ¿Ula é
a Torre de Namorar...?

Polo mar do Mar de arousa
unha dorna viña en vela;
pescar, pescara unha estrela
que non pescara outra cousa...

E máis nada.

Compre beber con sentidiño e mesura. E que nos aproveite.

Moitas gracias pola vosa atención.

¹no que vai incluído o albariño -roibén aceso do solpor-



VOLANDEIRA



CARBALLEIRAS



OS XEITOSIÑOS



XIRONSA



CON DE XIDO

